

## **PREGUNTA DE AER SOBRE O ALUMEADO EN VILAR**

PLENO 6 MAIO 2014. ACTA 6/2014

Tendo coñecemento o concelleiro de Vías e Obras e presidente do concello parroquial de Vilar, Cándido Vilaboa, dunha orde por partes de AENA que supón a retirada dun número importante de farois de alumeado público na N-555 á altura do barrio Millarada. Dado que esta estrada mal chamada Nacional, carece de beirarrúas, ten un elevado tránsito de vehículos e xusto o tramo onde se van realizar as obras é o único punto de acceso para poder coller o autobús que vai a Redondela. Cremos necesaria unha rápida intervención por parte do Concello para preservar a seguridade viaria, tanto para vehículos como de persoas. Por todo o anterior, preguntamos:

Que actuacións tomou ou vai tomar o Concello para solucionar este problema?

*O concelleiro VILABOA FIGUEROA di que falouse do tema no consello parroquial. Fíxose un informe polo enxeñeiro e pediuse permiso para facer un alumeado coas características que require AENA e se está á espera do mesmo*